



- PROFESIONALIZACIÓN
- FORMACIÓN
- CONCILIACIÓN NO S.P.I.F.
- SERVIZO DE EMERXENCIAS.
- RECUPERACIÓN DEREITOS V.C.C.U.

CONTIDOS

PNL NIVEL 3	2
REORDENACION CIG “VS” XUNTA	3
U-LO PLAN DE FORMACIÓN PARA O S.P.I.F.	4
COEFICIENTES REDUTORES	5
CADERNO TÉCNICO	6
CADERNO TÉCNICO	7
A CONTRACAPA	8

BOMBEIR@ FORESTAL

O VOCEIRO DA CIG NO S.P.I.F

DO ANO QUE FOI E O ANO QUE VEN.

Logo da resaca electoral –sindical- e xa rematada a campaña –dos lumes- na que a meteoroloxía foi decisiva para que os lumes apenas aparecerán na estival-outonal, chega o tempo de proxeclar o ano que entra, e como marca o costume desta datas, dentro da saca dos bos desexos do “próspero aninovo”.

Desglosando os acontecementos, a modo de clasificación dos fitos más importantes do ano que se foi, destacou a execución de parte do proxecto de reordenación do SPIF, coa contratación directa –e correspondente improvisación marca da casa- de mais de 500 traballadores e o aumento da temporalidade a cinco meses do reforzo de verán xa existente.

Como sempre ,poñemos o foco tamén no que non se fixo, e aí si que pega forte a nosa consellería, dado que segue na teima de non habilitar ao SPIF ao 100% como servizo de emerxencias desper-

diciando un servizo público de tal envergadura en aras de espurios intereses ao abeiro das emergencias.

A ausencia de formación para o desenrollo pleno d@s bombeir@s forestais, e a nula disposición ao avance dos dereitos adquiridos ao abeiro da nova categoría, xunto coa cerrazón en aniquilar o V convenio no que aos de dereitos cercenados se refire - substituídos polos cantos de serea da funcionarización- marcaron o ano de despropósitos desta consellería e marcarán en boa parte a loita sindical da CIG no vindeiro ano ate acadar o que de xustiza nos corresponde.



PNL FORMACIÓN NIVEL 3 PARA TRABALLADOR@s DO SPIF

A **CIG** ven de presentar a PNL no parlamento a habilitación **dos certificados de profesionalidade SEA596_3** de coordinación en operacións de incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural.

Segundo o camiño iniciado pola CIG no ano 2016, cando solicitamos por primeira vez o recoñecemento das competencias profesionais, que se concretou no certificado e profesionalidade "operación de vixilancia e extinción de incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural..", certificado de nivel 2 SEA 595_2, continuamos agora a senda natural da formación que debe completarse coa implantación do nivel 3.

Así , no 2016, a iniciativa parlamentaria da CIG contou co apoio da unanimidade da cámara do parlamento, e tempo despois convocouse a primeira xeira de recoñecementos de competencias profesionais do noso sector, que contou coa inscrición e posterior certificado de moitas compañeiras do SPIF.

Agora toca seguir construíndo o camiño formativo, neste caso para aquelas persoas que teñan acadado o nivel dous, e poidan así optar ao nivel 3 de coordinación en operación de incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural.

Como xa debullaramos no nivel 2,esta formación está composta por módulos formativos—neste caso seis -e estas a súa vez conformadas por unidades formativas

O resultado final sería acadar o certificado de profesionalidade SEA596-3, que permite, coa formación previa, dispoñer dunhas unidades de coordinación e dirección moito más cualificadas, e polo tanto rendabilizar dende o punto de vista operativo a eficacia da intervención.

Trátase este nivel 3, así como o propio nivel 2 dunha formación que a día de hoxe é voluntaria para os traballadores do SPIF e o resto de traballadoras do sector.


Aínda que xa advertimos á empresa que a normativa da U.E. está obligando nos diferentes sectores profesionais a que tód@l@s traballadoras teñan " carné profesional" a Xunta abusando da súa condición de administración, simula descoñecer esta normativa.

Dende a CIG levamos anos abandeirando a loita pola formación no SPIF, e sempre secundamos a posta en marcha do recoñecemento de competencias no nivel 2 e 3, acompañado da formación que entendemos que ten que dar a Xunta aos seus traballadores.

A CIG esixe que os módulos formativos que conforman estes certificados sexan impartidos pola propia Xunta aso seus traballadores en horario de traballo tal e como marcan os decretos de formación e de profesión.

Como é de xustiza, non pararemos ate acadalo!

É imprescindíbel que a Dirección xeral de defensa do monte bote a andar o plan de formación reivindicado pola CIG e avalado polo actual conselleiro cando era o responsable de área no Partido Popular, e que por un custe inferior aos 300.000 euros deixaría a todo o colectivo formado e certificado, cara un servizo publico máis eficaz e eficiente.



REORDENACIÓN DO S.P.I.F.

VERSIÓN XUNTA FRONTE A PROPOSTA DA CIG

En Marzo de 2018, a Consellería do Medio Rural acompañada pola dirección xeral da función pública, presentaba diante das Organizacións sindicais un plan que baixo o título reordenación do SPDCIF tentaba introducir cambios estruturais no deseño de medios e materiais do dispositivo.

Como medidas estrela, falaba da redución do número de compoñentes das actuais brigadas do S.P.I.F. de sete a cinco membros, a incorporación á xunta das prazas de extinción que daquelas xestionaba S.E.A.G.A, o aumento da temporalidade ao persoal de reforzo de verán, e tamén, aínda que en ridícula mención, citaba a formación e a mellora de infraestruturas.

Ano e medio despois, Xaneiro de 2020, podemos analizar o que decidiu aplicar de aquel plan—a consellería-, o que preferiu ou non acometeu de momento, e as consecuencias de ter aplicado tal plan en contraste con outras opción que a CIG presentara.

Unha vez coñecida a proposta pola CIG, e logo dunha exhaustiva análise dende o punto de vista funcional do operativo, e económico dende o punto de vista da xestión do servizo público, a CIG presentou no inverno de 2018 a súa proposta de reordenación do SPIF baseada nos números -euros- que a Xunta estaba disposta a gastar.

Esta proposta foi presentada diante da Consellería do medio rural, tamén diante da propia función pública e tamén de novo como P.N.L no Parlamento de Galicia.

Así onde a Xunta propoñía mudar as actuais brigadas do S.P.I.F. de sete a cinco compoñentes, a CIG propuxo pasar de sete a dez compoñentes, conformando brigadasdobres, -dous grupos de cinco, incorporando a cada unidade actual os postos de Bombeir@ Forestal Xefe de Brigada, B.F Condutora e Bombeiro Forestal.

Esta medida permitía abaratar de xeito extraordinario os custes en materiais e redirixilos a mellorar os contratos d@s nov@s traballador@s.

Onde a Xunta propoñía un máximo de seis meses para o persoal que se incorporaba, a CIG propoñía un mínimo de nove meses tal e como recolle o V convenio colectivo, dobrar o actual número de brigadas de 9 e 12, coa fin de acadar una maior profesionalización do servizo.

A CIG teme un servizo a dúas velocidades, con persoal de 12 e seis meses. Entendemos que no medio prazo todo o servizo debe ser profesional a tempo completo, e mais diante do proceso de funcionalización ao que a Xunta case que nos obriga a acollernos.

Diante das dúas liñas que presentaban de formación, a CIG presentou un proxecto estruturado e orzamentado establecido en inicio a catro anos e estruturado ao abeiro do decreto 624/2013 .

En catro anos, e cun custe de apenas 300.000 euros , todo o SPIF estaría formado no certificado de profesionalidade SEA595_2 e en tempo de traballo..

Pois ben, este ano executáronse novas partes do plan. A principal novedade foi a incorporación de mais de 500 nov@s B.F ao SPIF, cunha temporalidade de cinco meses, que segundo todo apunta na vindeira campaña será de seis meses. Asemade tamén o reforzo de verá xa existente no SPIF pasou a estar contratado tamén o quinto mes.

No referente a incorporación do novo persoal e dos materiais pertencentes as brigadas, a Xunta escolléu o camiño mais custoso. Logo dunha xestión esperpéntica no referente ás contratacóns, prazos, decreto de listas e puntuacións, incorporaciónsa mediados de Xullo este persoal estaba incorporado ao SPIF, pero como sempre tarde, mal e arrastro.

A Xunta decidiu duplicar o gasto de vehículos ao non atender a proposta da CIG, así dotou as novas brigadas de vehículos alugados incrementando pola súa nula xestión os custes en máis de 100.000 euros ao mes. A nefasta xestión por parte da Dirección Xeral de defensa do monte -capitanizada por Tomás fernandez Couto- custou este ano máis de 500.000 euros que si non mudan o rumbo para o ano se converterán nun millón de euros. Lembramos que estas novas brigadas, co tempo que houbo para organizar o dispositivo puideran compartir os mesmos vehículos xa existentes no SPIF.

O mesmo aconteceu cos batelumes, e non aconteceu con máis materiais, por que froito da improvisación da Dirección xeral de defensa do monte, ao non ter a máis mínima programación de traballo para o novo persoal, tampouco se lles dotou , de ningún tipo de material para tarefas de prevención.



U-LO PLAN DE FORMACIÓN PARA O S.P.I.F.?

Foi no mes de abril do pasado ano cando a Dirección xeral de defensa do monte nos sentou arredor dunha mesa na súa sede de San Lázaro para presentar o plan o de formación para o SPIF. O acto en si, tivo certos tintes ceremoniosos xa que o seu director xeral, o noso Tomás, aproveitou para presentar oficialmente a toda a súa equipa e o seu novo organigrama.

Ateriorermente, cun traballo continuo dende o 2015, a CIG tiña traballado de xeito pertinaz para que isto acontecerá. Ate un total de tres proposicións non de lei foran presentadas no parlamento e tamén diante das consellerías do medio rural e de función pública .

Convencidas de que é o camiño que debe seguir o servizo público contra incendios da Xunta de Galiza , e completando o circulo deseñado dende anos atrás por esta central, a formación é pedra angular para o presente e futuro do S.P.I.F. , unha vez que estamos encadrados dentro dos servizos de emerxencias e se conseguiu a categoría profesional 5932 Bombeir@ Forestall.

Pois ben, nesa reunión de Abril de 2018, a dirección xeral da defensa do monte, presentaba un pau-pérrimo plan de formación para o SPIF artellado arredor de cursos soltos, con certas innovacións ao respecto da realidade no SPIF dos anos anteriores, pero moi lonxe da formación necesaria e que por categoría profesional corresponde ao actual servizo.

Aínda que se presentou por parte da Dirección Xeral como una mesa aberta, cun plan ao que se podía alegar e facer achegas, o certo é que case un ano despois , dese plan que quixemos albiscar como ambicioso, apenas tivemos novas e a sintomatoloxía apunta ao continuismo acostumado "marca" do actual director xeral .

Cando a CIG presentou a PNL de formación ao actual Conselleiro de Medio Rural, naquelas responsábel da área do PP no parlamento, contamos coa súa aprobación, e incluso recibiramos un "ok" de xeito informal cando fixemos chegar o orzamento de apenas 300.000 euros e unha cronoloxía de formación adaptada ao SPIF para os vindeiros catro anos.

O obxectivo fundamental era adaptar ao SPIF aos novos retos, e acadar a formación acorde a este servizo multidisciplinar , preparado para a vixilancia , detección e prevención de incendios ao meso tempo que tivera uns coñecementos mínimos de apoio a continxencias no medio natural e rural e primeiros auxilios.

Esta formación , a CIG esixíaa homologada ao establecido polo decreto 624/2013 que desgrana os contidos formativos que deben ter os bombeiros forestais, para así a par de ter un servizo debidamente formado, se puideran homologar ao certificado de profesionalidade, sendo isto tanto positivo para @s traballador@s como ao mesmo tempo para a xunta ao ter a todo o persoal acorde coa normativa europea.

A día de hoxe, Xaneiro de 2019, inúndanos a agridoce sensación de que non é un impedimento económico o que o está a trabar, senón a cerrazón da propia dirección xeral de defensa do monte que non quere que este servizo poida despregar todo o seu potencial.

As alegacións que ao propio programa fixo a CIG, na liña do anteriormente descrito, parece que quedaron en saco roto. Logo de ir incluíndo dentro da propia mesa contidos referentes ao apoio a continxencias no medio rural, estamos xa no inverno que debería ter comezado a formación estipulada e a que dera o ok o actual conselleiro, e sen novedades.

Continuaremos logo ate acadar o que é de xustiza.....!!



E SI NO 2020 SE APLICARAN AO FIN OS COEFICIENTES REDUROES NA IDADE DE XUBILACIÓN NO SPIF????

O BOE nº 86 de 3 de Abril de 2008, publicaba o real decreto 383/2008 de 14 de Marzo polo que se establecen o coeficiente redutor da idade de xubilación a favor dos bombeiros ao servizo da administracións e organismos públicos.....

O artigo 161bis.1 da incorporado no 2007 á lei xeral da seguridade social R.D. 1/1994 de 20 de Xuño, recolle textualmente dentro do espírito da norma, que a idade de 65 anos recollida como mínima para idade da xubilación -dentro da lei 4/2007 de medidas en materia de seguridade social- poderá ser rebaixada por real decreto -neste caso o R.D 383/2008—naqueles grupos ou actividades profesionais onde os traballos sexan de natureza excepcionalmente penosa, tóxica perigosa ou insalubre.....

Tal e como recolle o propio corpo do decreto:

En relación ao colectivo de Bombeiros ...despréndese que existen índices de perigosidade e penosidade no desenrollo da súa actividade.....cumpríndose deste xeito os requirimentos esixidos para a redución de idade no acceso á xubilación, como consecuencia da realización de traballos de natureza excepcionalmente penosa ,tóxica , perigosa e insalubre....

A raíz disto creouse o decreto 383/2008 dirixido aos bombeiros profesionais das administracións e organismos públicos.

Logo da consecución efectiva da categoría profesional 5932 Bombeiros forestais en Setembro do ano 2016, dende a CIG temos traballado a reo para que estes se apliquen de maneira efectiva e coa retroactividade que corresponda aso profesionais do SPIF que actúan e teñan actuado na extinción directa de incendios forestais.

Tal e como recolle o real decreto no seu artigo 1º, o disposto neste real decreto "será de aplicación a.....traballadores que presten servizos como bombeir@s ,nas súas diferentes escalas e categorías nas súas diferentes escalas....en corporacións locais, comunidades autónomas.....", dito queda entón que o SPIF está incluído de cheo no eido de aplicación deste decreto.

A afección principal deste decreto ven recollida no seu artigo 2ª, onde establece que *cada ano traballado - efectivamente como bombeiro-será multiplicado por un coeficiente de 0,20, sendo recortad o resultado que dea da idade de xubilación ordinaria -65 anos-. Incluso si a trabaladora tivera 35 anos de traballo completos como bombeiro podería acollerse dende os 59 anos aos coeficientes. De non ser así, será a partir dos sesenta na idade que marquen os coeficientes redutores.*

Pois con estos antecedentes, a CIG no transcurso de 2019, xa obtivo unha contestación do INSS na que efectivamente se recoñecen estes dereitos, e se aplican a un traballador do SPIF. Traballo queda por diante para que se apliquen a tódolos traballadores do colectivo que estea dentro do espectro de aplicación, e tamén para que a Xunta cumpra coas súas obrigas ao respecto da cotización que este decreto les marca.

Debe abandonar os cumplidos e boas palabras —a Xunta- e na vez diso cumplir coas obrigas que a categoría 5932 bombeiro forestal implica.

Convencidas estamos de que este 2020 traerá moi boas novas neste senso..!!!

CADERNOS TÉCNICOS.

O SPIF E O APOIO A CONTINXENCIAS (I)

Inundacións e ventos moi fortes.

Unha das claves para axustar o dispositivo de intervención , é ter una información precisa a través do plan nacional de predición e vixilancia de fenómenos meteorolóxicos adversos, e comunicar aos diferentes órganos responsábeis de protección civil os datos de maneira precisa. Unha vez se dispoña desta información podemos ter claros os elementos mínimos dos que dispoñemos para este tipo de fenómenos meteorolóxicos.

Risco frecuente de caída de árbores; estes poden producir cortes de estradas con risco potencial de accidente de tráfico, potencialmente graves.

Como persoal de servizo de emergencias e dentro dos equipamentos individuais que manexamos deberemos ter:

- Debemos ter os depósitos de combustible cheos.
- Baterías das emisoras cargadas.
- Lanternas e pilas preparadas.
- Dous equipos mínimos de protección para o uso de motoserra –pantalóns, botas ,guantes .
- Casco con gafas pola posible caída de po e virutas ,que dificulta en ocasiones o corte e desrrame das árbores caídas.
- Motoserra lixeira tipo still 200 T, para as polas e outra mais grande tipo stihl 270 ou huqsvarna 35 para troncos más grosos.
- Cadeas afiadas e máquinas repostadas antes de comezar a xornada.
- Dispoñer mínimo dunha cadea de reposto para cada una delas.



Inicio da xornada laboral con ordes de intervención:

- O norma é ter un plan previo de actuación para coordinar o traballo coas diferentes unidades de intervención. Por desgraza, ate o de agora , o más común é que ese plan non exista polo que procederemos a actuar na zona habitual ou na fixada polo distrito.
- Si atopamos árbores caídas nas estradas, ao chegar adoptaremos as seguintes medidas:
 - Protexeremos a zona sinalizando a zona adecuadamente para evitar accidentes que puideran agravar a situación.
 - Transmitiremos ao 112 ou ao distrito o punto exacto do lugar da incidencia, xa sexa polo coñecemento exacto do lugar, ou ben como mellor opción recomendamos utilizar as coordenadas xeográficas que nos aporta o noso portófono.

CADERNOS TÉCNICOS.

- Procederemos ao cortado da árbore caída con precaución e sempre observando que en condicións de moito vento a posible caída adicional de ramas ou outras árbores que nos poidan danar.
- O procedemento axeitado é ir cortando a árbore da cabeza á base do tronco quitándolle peso de maneira progresiva. Hai que ter en conta as forzas exercidas nas diferentes dirección polo peso da árbore, polo que a presencia doutro motoserrista é imprescindible en caso de atrapamento da espada , así sempre se garante a continuidade do traballo do equipo.
- Neste conxunto de acción, a prioridade é manter as vías públicas abertas e sen risco de accidente.
- Continuaremos revisando zonas, e si observamos importantes acumulacións de auga e/ou lodo, procederemos ao balizamento da zona con suficiente antelación , pasando a posición exacta do incidente utilizando o portófono e a súa posición de xeolocalización.
- Para circular por zonas con importante acumulación de auga é indispensable levar o vehículo en cortas coa tracción 4x4 e cos bloqueos metidos si a nosa intención e cruzar a zona acaudalada.
- É chave controlar a profundidade do punto inundado, polo que é indispensábel ou aconsellábel facer una comprobación de profundidade .Pode realizala mesmo un compañoiro equipado con traxe impermeábel, fixando o chuvasqueiro por fora das botas de auga –preferiblemente con goma pneumática.
- Teremos en conta que a altura de vadeo dos nosos vehículos ven delimitada pola toma de aire do e sempre que o vehículo non se cale o motor.
- Para cruzar correntes de auga e máis velocidade, non se deberá superar os 30 cms ou como moito a altura do eixo das rodas.



A CONTRACAPA

RECUPEREMOS O ROUBADO!

Entramos en ano electoral, con todo o que iso supón na administración pública, e cunha bagaxe deficitaria no que dereitos se refire respecto do persoal logo dun sexenio negro de continuos recortes.

Dentro do SPIF, como persoal laboral , sufrimos os recortes do persoal laboral adscrito ao V convenio colectivo, sumado aos recortes salariais do estado e un longo etcé.

Especialmente sangrante é para o persoal laboral a quendas e con traballo na fin de semana, que se cercenara o art.19, equiparando á baixa o traballo en fin de semanas con respecto aos horarios estándar. Aumentaron as xornadas laborais e diminuíron as libranzas sen sequera haber compensación económica de ningún tipo.

Toca agora – cando nin o PP é quen de argumentar o por que dos recortes- que sequera se dan os factores económicos que orixinaron os recortes, recuperar as libranzas e compensacións tal e como estipulou o convenio, asemade recuperando tamén os beneficios sociais tamén arrebatados.

É imprescindíbel a maiores, que se nos equipare no trato ao resto de traballadores e se converta nun servizo do século XXI en cuestións como a aplicación íntegra e homoxénea co resto do persoal o réxime de vacacións e licenzas, e na adaptación do actual marco legal de conciliación familiar.

Tamén e de xeito inmediato, debe desaparecer a discriminación que se exerce neste senso cara @s traballadoras do SPIF @ cales se lles imposibilita de xeito automático e reiterado disfrutar de adaptacións de xornada, ou reducións das mesmas nos termos que o recollen os decretos que o regulan.

Non podemos nin debemos, deixar pasar máis tempo. O feito de sermos un servizo especial non habilita arrebatar dereitos de xeito continuado.

TOD@S ISTO TERÁ QUE ACONTECER NO 2020!

Logo das pasadas eleccións sindicais na Consellería do Medio rural, para o persoal laboral, @s Delegadas elect@s da CIG Medio rural en Pontevedra son os seguintes:

- Maria del Mar Garza Náñez
- Manuel Ramiro Turc
- Aser Lidia Tobío Martínez

Nesta provincia dispoñemos dun grupo de difusión de whatsapp onde enviamos toda a información sindical relevante. Tódolas persoas interesadas en formar parte deste grupo que envien un whastapp a algun destes dous números de teléfono:

607 47 64 39

620 412 818

Podedes consultar esta e más información no enderezo web <http://autonomica.cigadmon.gal>

